

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------|----------|---------------|
| 36019463 | Johan Carballeira | Bueu | 2023/2024 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|---------------------|---------------------------|------------------------------|---------------------------------|------------------------|
| IMP | Imaxe persoal | CMIMP02 | Peiteado e cosmética capilar | Ciclos formativos de grao medio | Réxime xeral-ordinario |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|-----------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0845 | Técnicas de corte do cabelo | 2023/2024 | 12 | 210 | 252 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|------------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | MARÍA LUZ CARPINTERO CARRERA |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta Programación, vai dirixida ao alumnado do ciclo formativo de grao medio de Peiteado de 2º curso, pertence a familia profesional de Imaxe Persoal, que se desenvolve no I.E.S JOHAN CARBALLEIRA. Dito centro sitúase nunha área de influencia que abrangue a zona do Morrazo, Cangas e Bueu. Isto facilita o acceso a un amplo grupo de empresas cun sector produtivo bastante activo , que permite unha inserción laboral do alumnado. Ademais esta zona amplía moito a súa actividade no verán, co que aumenta tamén moito a demanda no sector da imaxe persoal.

Estas empresas manteñen relacións co centro a través da F.C.T, o que permite coñecer as súas necesidades e adaptar o currículo a estas.

A actividade profesional, vai dirixida a servizos persoais, servizos de peiteado, asesoramento e atención permanente ao cliente en :

- Salóns de peiteado.
- Empresas dedicadas a tratamentos de imaxe persoal integral.
- Casas comerciais do sector.
- Grandes superficies .
- Hospitais, hoteles, xeriátricos, servizos fúnebres etc.....

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|---|--|--------------------|----------|
| 1 | Preparación da zona de traballo. O profesional e o cliente. | Descrición y preparación da zona de traballo, materiais e ferramentas. A imaxe do profesional; recepción do cliente, medidas de protección do cliente e do profesional, seguridade e hixiene no entorno laboral e ergonomía. | 13 | 5 |
| 2 | Técnicas e estilos de corte. Recursos técnicos do corte de pelo. | Parámetros que definen os efectos das liñas, seccións, proiecións e técnicas do corte. | 21 | 10 |
| 3 | Características persoais con influencia no corte: o cabelo e a morfoloxía do cliente. | Estudo do cabelo, o visaxismo e a adaptación do corte as características do cliente. | 19 | 10 |
| 4 | Técnicas e protocolo da execución do corte con tesoiras. | Tipos de cortes con tesoiras. | 51 | 20 |
| 5 | Técnicas e Protocolo de execución do corte con navalla. | Tipos de corte con navalla. | 38 | 15 |

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|--|--------------------|----------|
| 6 | Técnicas e Protocolo de execución do corte con máquina. | Tipos de cortes con máquina. | 38 | 15 |
| 7 | Realización dos distintos estilos, técnicas e persoalización dos cortes. | Protocolo e realización de cortes persoalizados. | 72 | 25 |

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 1 | Preparación da zona de traballo. O profesional e o cliente. | 13 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Prepara e identifica a zona de traballo, para o que selecciona os medios, os utensilios e as ferramentas. | SI |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Identifícaronse as instalacións e os espazos onde se vaian realizar os procesos de corte do cabelo. |
| CA1.2 Mantivéronse as instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes e despois do seu uso. |
| CA1.3 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial. |
| CA1.4 Detalláronse as pautas básicas para a recepción e a atención á clientela. |
| CA1.5 Simuláronse a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento. |
| CA1.6 Identifícaronse as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de corte do cabelo. |
| CA1.7 Aplicáronse medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria. |

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.8 Descríbense as normas que definen unha correcta imaxe profesional. |
| CA1.9 Coidouse a imaxe do persoal profesional. |
| CA1.10 Identifica as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de corte do cabelo. |
| CA1.11 Caracterízanse as posicións anatómicas adecuadas e as medidas de protección persoal e da clientela no proceso de corte do cabelo. |
| CA1.12 Caracterízanse as ferramentas e os utensilios necesarios para o proceso. |
| CA1.13 Seleccionáronse modelos básicos de tesoiras, navallas e máquinas. |
| CA1.14 Establecéronse pautas para unha correcta hixiene postural. |
| CA1.15 Seleccionouse a lenzaría e os utensilios auxiliares para o corte. |
| CA1.16 Aplicáronse os protocolos de hixiene e mantemento de ferramentas e utensilios. |
| CA1.17 Seguiuse a normativa actual de control de utensilios cortantes. |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Distribución de espazos. Ambiente: importancia da luz e do sistema de renovación do aire. |
| Medidas de protección do persoal profesional e da clientela durante o proceso de corte do cabelo. Ergonomía e hixiene postural. |
| Criterios de selección das medidas de hixiene e desinfección de utensilios, aparellos e ferramentas utilizadas no corte. |
| Mantemento: afiadura, engraxamento e protección das ferramentas. |
| Manipulación, aplicación, conservación e mantemento dos cosméticos: efectos, indicacións e contraindicacións. |
| Normativa de control de residuos e utensilios cortantes: pautas de aplicación. |
| Utensilios e ferramentas de corte: características, tipos (peites e cepillos, tesoiras, navallas e máquinas), elementos e accesorios. |
| Recepción e atención á clientela para o proceso de corte do cabelo. Normas para a primeira cita. |

| Contidos |
|---|
| Preparación do profesional e da área de traballo: medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria. Hixiene postural. Lenzaría e utensilios auxiliares para o corte. Criterios de distribución de utensilios e materiais na área de traballo. |
| Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersonal. |
| Importancia do traballo en equipo. |
| Identificación das necesidades e as demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais. |
| Actitudes, destrezas e habilidades necesarias para o proceso de corte do cabelo. |
| Instalacións. Seguridade e hixiene: aplicación de métodos de hixiene e desinfección. |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 2 | Técnicas e estilos de corte. Recursos técnicos do corte de pelo. | 21 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Caracteriza as técnicas de corte en relación co efecto visual pretendido. | SI |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.1 Identifícanse as técnicas e os estilos de corte. |
| CA2.2 Caracterizouse a técnica do corte recto, desfilado, dentado, entresacado, peliscado, etc. |
| CA2.3 Determináronse os utensilios empregados en cada técnica. |
| CA2.4 Establecéronse as liñas de corte para cada técnica. |
| CA2.5 Estableceuse a secuencia das fases de execución. |

Criterios de avaliación

CA2.6 Determináronse as zonas de aplicación.

CA2.7 Seleccionáronse procedementos para a realización de técnicas de desfilado, dentado, entresacado, peliscado, etc.

CA2.8 Relacionouse o procedemento de cada técnica cos efectos e os resultados pretendidos.

4.2.e) Contidos
Contidos
[Identificación dos distintos estilos e técnicas de corte](#)

Parámetros que caracterizan as técnicas de corte. Liña de corte.

Técnicas de corte recto, desfilado, dentado e entresacado ou baleirado, peliscado, etc.: utensilios empregados e forma de realización.

Efectos visuais: parámetros que definen os efectos: volume, lonxitude, peso, densidade e simetría.

[Secuencia das fases de execución e zonas de aplicación](#)
4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 3 | Características persoais con influencia no corte: o cabelo e a morfoloxía do cliente. | 19 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA3 - Realiza propostas de cortes de cabelo, analizando as características morfolóxicas e persoais da persoa usuaria. | SI |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Criterios de avaliación

CA3.1 Identifícanse as características e as alteracións do cabelo con influencia no corte.

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA3.2 Establecéronse pautas para a detección de necesidades e demandas da persoa usuaria. |
| CA3.3 Relacionáronse as proporcións faciais e corporais co cambio de lonxitude do cabelo. |
| CA3.4 Seleccionáronse as imaxes e fotografías de peiteados en función do estilo de corte proposto. |
| CA3.5 Identificáronse os elementos dun bosquexo. |
| CA3.6 Realizáronse bosquexos gráficos para a proposta de corte. |
| CA3.7 Utilizáronse aplicacións informáticas para elaborar deseños de corte do cabelo. |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Análise do cabelo e do coiro cabeludo: identificación das características e as alteracións do cabelo e do coiro cabeludo con influencia nas técnicas de corte. |
| Análise morfolóxica facial e corporal: proporcións e xeometría morfolóxica da cabeza. Proporcións corporais e a súa influencia na elección do cambio de lonxitude do cabelo. |
| Análise de demandas e as necesidades da clientela. |
| Proposta de corte ou cambio de lonxitude do cabelo: elementos do deseño e da proposta. |
| Bosquexos e a súa relación coas técnicas de corte. Deseño de cambios de lonxitude con programas informáticos. Interpretación de bosquexos, imaxes e fotografías. |

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 4 | Técnicas e protocolo da execución do corte con tesoiras. | 51 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Prepara e identifica a zona de traballo, para o que selecciona os medios, os utensilios e as ferramentas. | NO |
| RA4 - Corta o cabelo con tesoiras, tendo en conta a relación entre a técnica e as características do cabelo e o estilo de corte. | SI |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.2 Mantivéronse as instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes e despois do seu uso. |
| CA4.1 Establecéronse pautas para o manexo e a suxeición da tesoirá. |
| CA4.2 Relacionáronse os movementos de tesoirá co tipo de liña. |
| CA4.3 Efectuáronse as técnicas previas para o corte do cabelo. |
| CA4.4 Determináronse as particións no cabelo previas ao corte. |
| CA4.5 Estableceuse o procedemento para a realización do corte. |
| CA4.6 Valorouse a importancia da mecha guía. |
| CA4.7 Estableceuse a secuencia do corte na orde establecida. |
| CA4.8 Aplicáronse os procedementos establecidos na realización do corte con tesoirá. |

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Técnica de utilización da tesoirá: formas de suxeición e tipos de movemento. |
| Preparación do corte con tesoirá: operacións previas. Distribución do cabelo ou particións. Pautas de aplicación. |
| Protocolo de execución. Procedementos segundo a técnica e os resultados pretendidos. Mecha guía. Criterios de selección da técnica de corte de pelo con tesoirá. Tipos de corte con tesoirá: orde e secuencia. |

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 5 | Técnicas e Protocolo de execución corte con navalla. | 38 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Prepara e identifica a zona de traballo, para o que selecciona os medios, os utensilios e as ferramentas. | NO |
| RA5 - Corta o cabelo con navalla, tendo en conta a relación entre o método e o estilo de corte. | SI |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.2 Mantivéronse as instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes e despois do seu uso. |
| CA5.1 Establecéronse as diferenzas entre o corte con navalla e con tesoiira. |
| CA5.2 Establecéronse pautas para o manexo da navalla. |
| CA5.3 Realizouse a montaxe e a desmontaxe da coitela. |
| CA5.4 Establecéronse as seccións e as liñas para a realización do corte con navalla. |
| CA5.5 Relacionouse o ángulo de inclinación da navalla co efecto pretendido. |
| CA5.6 Estableceuse a secuencia de actuación. |
| CA5.7 Determináronse as precaucións que cumpra ter en conta no manexo da navalla. |
| CA5.8 Aplicáronse procedementos de realización do corte con navalla. |

4.5.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Técnica de utilización da navalla: suxeición; medidas de protección. |
| Preparación do corte con navalla: técnicas previas. Distribución do cabelo ou particións. Pautas de aplicación. |

Contidos

Protocolo de execución: procedementos segundo a técnica e os resultados pretendidos. Criterios de selección das técnicas de corte de pelo con navalla: orde, precaucións e secuencia.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 6 | Técnicas e Protocolo de execución do corte con máquina. | 38 |

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Prepara e identifica a zona de traballo, para o que selecciona os medios, os utensilios e as ferramentas. | NO |
| RA6 - Realiza corte de cabelo con máquina, tendo en conta a relación entre a técnica e as características do cabelo e o estilo do corte. | SI |

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Criterios de avaliación

CA1.2 Mantivéronse as instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes e despois do seu uso.

CA6.1 Establecéronse pautas para o manexo da máquina.

CA6.2 Seleccionáronse os accesorios e os utensilios en función da lonxitude desexada do cabelo.

CA6.3 Realizáronse a montaxe e a desmontaxe dos compoñentes e dos accesorios.

CA6.4 Verificouse o estado da máquina.

CA6.5 Realizáronse técnicas para o acondicionamento do cabelo.

CA6.6 Estableceuse a orde de realización do corte con máquina.

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA6.7 Aplicáronse procedementos establecidos na realización de corte con máquina. |
| CA6.8 Realizouse a perfilaxe dos contornos e outras técnicas de finalización. |

4.6.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Técnica de utilización da máquina: xeito de suxeición e manexo. |
| Preparación do corte con máquina: criterios de selección de accesorios. |
| Técnicas previas ao corte. Distribución do cabelo ou particións. Pautas de aplicación. |
| Protocolo de execución: procedementos segundo a técnica e os resultados pretendidos. Tipos de corte con máquina: orde e secuencia. |

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 7 | Realización dos distintos estilos, técnicas e persoalización dos cortes. | 72 |

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Prepara e identifica a zona de traballo, para o que selecciona os medios, os utensilios e as ferramentas. | NO |
| RA7 - Realiza estilos de corte, para o que determina as técnicas e as ferramentas necesarias. | SI |

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.2 Mantivéronse as instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes e despois do seu uso. |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA7.1 Caracterizáronse os estilos de corte. |
| CA7.2 Adaptouse o estilo de corte á análise previa das características da persoa usuaria. |
| CA7.3 Relacionouse o estilo de corte proposto con outros procesos (cambio de cor, forma, etc.). |
| CA7.4 Seleccionáronse cosméticos e ferramentas en función das necesidades. |
| CA7.5 Seleccionáronse as técnicas en función do resultado final. |
| CA7.6 Aplicáronse os procedementos establecidos para cada estilo de corte. |
| CA7.7 Aplicáronse as técnicas de finalización do corte de cabelo. |
| CA7.8 Avaliouse o resultado final. |
| CA7.9 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades de traballo. |

4.7.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| <p>Características dos estilos de corte.</p> <p>Coordinación de técnicas. Criterios de selección de cosméticos e ferramentas. Criterios de integración de técnicas para realizar o estilo proposto.</p> <p>Procesos de execución de estilos de corte: fases, secuencia e xeito de realización. Interpretación dos datos obtidos da análise para a personalización do corte de cabelo.</p> |

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

| |
|--|
| <p>MINIMOS EXIXIBLES</p> <p>Utensilios e ferramentas de corte: características, tipos (peites e cepillos, tesoiras, navallas e máquinas), elementos e accesorios.</p> <p>Recepción e atención á clientela para o proceso de corte do cabelo. Normas para a primeira cita.</p> |
|--|

Preparación do profesional e da área de traballo: medidas de protección do persoal, profesional e da persoa usuaria. Hixiene postural. Lenzaría e utensilios auxiliares para o corte. Criterios de distribución de utensilios e materiais na área de traballo.

Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersonal. Importancia do traballo en equipo.

Identificación das necesidades e as demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais.

Actitudes, destrezas e habilidades necesarias para o proceso de corte do cabelo.

Instalacións. Seguridade e hixiene: aplicación de métodos de hixiene e desinfección.

Criterios de selección das medidas de hixiene e desinfección de utensilios, aparellos e ferramentas utilizadas no corte.

Medidas de protección do persoal profesional e da clientela durante o proceso de corte do cabelo. Ergonomía e hixiene postural.

Criterios de selección das medidas de hixiene e desinfección de utensilios, aparellos e ferramentas utilizadas no corte.

Parámetros que caracterizan as técnicas de corte. Liña de corte.

Técnicas de corte recto, desfilado, dentado e entresacado ou baleirado, peliscado, etc...utensilios empregados e forma de realización.

Efectos visuais: parámetros que definen os efectos: volume, lonxitude, peso, densidade e simetría.

Análise do cabelo e do coiro cabeludo: identificación das características e as alteracións do cabelo e do coiro cabeludo con influencia nas técnicas de corte.

Análise morfolóxica facial e corporal: proporcións e xeometría morfolóxica da cabeza.

Proporcións corporais e a súa influencia na elección do cambio de lonxitude do cabelo.

Análise de demandas e as necesidades da clientela.

Proposta de corte ou cambio de lonxitude do cabelo: elementos do deseño e da proposta.

Bosquexos e a súa relación coas técnicas de corte. Deseño de cambios de lonxitude con programas informáticos. Interpretación de bosquexos, imaxes e fotografías.

Técnica de utilización da tesoirá: formas de suxeición e tipos de movemento.

Preparación do corte con tesoirá: operacións previas. Distribución do cabelo ou particións.

Pautas de aplicación.

Protocolo de execución. Procedementos segundo a técnica e os resultados pretendidos.

Mecha guía. Criterios de selección da técnica de corte de pelo con tesoirá. Tipos de corte con tesoirá: orde e secuencia.

Técnica de utilización da navalla: suxeición; medidas de protección.

Preparación do corte con navalla: técnicas previas. Distribución do cabelo ou particións. Pautas de aplicación.

Protocolo de execución: procedementos segundo a técnica e os resultados pretendidos.

Criterios de selección das técnicas de corte de pelo con navalla: orde, precaucións e secuencia.

Técnica de utilización da máquina: xeito de suxeición e manexo.

Preparación do corte con máquina: criterios de selección de accesorios.

Técnicas previas ao corte. Distribución do cabelo ou particións. Pautas de aplicación

Técnica de utilización da máquina: xeito de suxeición e manexo.

Preparación do corte con máquina: criterios de selección de accesorios.

Técnicas previas ao corte. Distribución do cabelo ou partições. Pautas de aplicación

Protocolo de execución: procedementos segundo a técnica e os resultados pretendidos.

Tipos de corte con máquina: orde e secuencia

Características dos estilos de corte.

Coordinación de técnicas. Criterios de selección de cosméticos e ferramentas. Criterios de integración de técnicas para realizar o estilo proposto.

Procesos de execución de estilos de corte: fases, secuencia e xeito de realización. Interpretación dos datos obtidos da análise para a personalización do corte de cabelo.

-A avaliación será continua, formativa e integradora. Que sexa continua, non implica que aprobar a 2ª avaliación supoña aprobar o módulo, si está suspensa a primeira. Para aprobar o módulo, hai que aprobar todas as avaliacións, polo tanto a nota da segunda avaliación e final, será suspensa se o alumno ten pendente algunha das dúas avaliacións. Suspender o módulo supón non acceder ás FCT . Poderanse facer exames prácticos e teóricos en cada avaliación.

PROBAS PRÁCTICAS E TRABALLOS NA AULA-TALLER_70% da nota

Como norma xeral, os alumnos deben traer modelos e atender aos modelos que acoden ao taller, aínda que non sexan coñecidos ou familiares, pois é necesario que se acostumen a tratar á clientela, xa que así se vai a desenvolver o seu traballo no futuro. Nun principio traballarán en manequín ou entre eles en pequenos grupos, e a continuación en modelos externos. Cada alumno traerá todos os días o seu equipo de traballo (peites , tesoiras, navallas, cepillos...) en perfecto estado de conservación e hixiene, incluído o manequín ou manequíns precisos para os cortes de cabelo e uniforme.

Será necesario para aprobar o módulo, é dicir, acadar unha nota de 5, a realización dunha serie de traballos tanto prácticos como teóricos, os mínimos son:

1ª Avaliación:

+ 4 CORTES COMPACTOS(2 rectos , 1en v e 1 en v invertida)

+ 3 CORTES EN CAPAS DEGRADADAS.

+ 3 CORTES EN CAPAS PROGRESIVAS

2ª Avaliación:

+ 2 CORTES EN CAPAS IGUALADAS.

+ 1 CORTE COA TÉCNICA DE NAVALLA.

+ 2 CORTES MASCULINOS CON TÉCNICA DE MÁQUINA UN DELES TIPO FADE, DEGRADADO DENDE 0-1 MM NA NUCA E OUTRO CON TÉCNICA DE PEITE-TESOIRA

+ 2 CORTES OPCIONAIS: (Adaptados, segundo o criterio do alumno, as características morfolóxicas, o estilo e ó gusto do cliente)

*Estes traballos mínimos poderanse realizar en manequín ou en modelos reais sempre que o profesor/a o considere (os cortes masculinos deberán realizarse en modelos reais) e todos os traballos deberán ser executados integramente polos alumnos, sen axuda do profesor, que revisará o resultado final e retocará si é necesario cando o alumno remate o traballo.

Para subir a nota de 5 , será necesario a realización de máis traballos, nas condicións que determinará o profesor, (en modelo real, alleo ao salón, compañeiro/a de clase) . Ditos traballos deben ser máis complexos (cortes asimétricos, bobs coa nuca curta, melena curta cadrada, mule, cortes con desconexións, combinación de distintos flequillos etc e ademais deben combinar técnicas de manexo de ferramentas, picado,

desfilado , punteado....) Cada tres traballos que cumpran ditos requisitos, e ademais igual que os traballos mínimos, cumpran tamén cos requisitos dos ítems prácticos, subirán 1 punto, e terán igualmente que ser realizados de xeito autónomo polo alumno.

A avaliación de cada traballo, farase mediante observación directa e reflexarase nunha táboa de observacións:

Preparación do material, Execución de pasos, Destreza, Tempo empregado e Resultado final. Ditros ítems están especificados mediante rúbrica e valoraranse tamén:

Uniformidade, Imaxe persoal, Iniciativa ao traballo, orde e limpeza da zona de traballo e traballo en equipo. No caso de que non se cumpran todos e cada un deles en cada traballo quedará suspenso.

PROBAS TEÓRICAS_ 30% da nota

Todos os traballos valoraranse do 0 o 10. O exame escrito consistirá, por norma xeral, nun serie de preguntas que considere o profesor/a. Tamén se poderán realizar traballos elaborados polo alumnado , de maneira individual ou en grupo, e que poderán ser escritos, ou escritos con exposición oral, estes traballos avaliaranse mediante unha rúbrica cos seguintes ítems(presentación, expresión escrita ou oral, número de respostas correctas, inclusión de aspectos relevantes, precisión das respostas, recursos didácticos.

OS PORCENTAXES COS QUE SE FORMA A NOTA FINAL

Obterase en función dos pesos dos CA avaliados, especificados en cada unidade. Hai CA de contido teórico que se avalían mediante proba escrita (parte teórica) e outros de contidos prácticos que se avalían coas táboas de observación, (parte práctica) é necesario acadar un 5 en cada unha das partes para aprobar. Cada parte terá unha porcentaxe que estará determinada polos pesos dos CA avaliados. Será necesario superar os CA vinculados aos mínimos exixibles para aprobar.

Será imprescindible ter un 5 en cada unha das partes (práctica e teórica) para facer media.

TRATAMENTO DOS DECIMAIIS

A cualificación dunha avaliación sempre se fará mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes, se redondearán a alza ou a baixa ó enteiro máis próximo; se equidistara de dous enteiros consecutivos, redondearase ó superior.

CASO DE NON PRESENTARSE A UN EXAME OU PROBA

Se un alumno non se presenta(sen causa xustificada) a unha proba ou exame, obterá como cualificación na mesma un suspenso. Esta proba (teórica ou práctica) só se lle repetirá, no caso de enfermidade sobrevida e con xustificante médico.

Caso de non presentar en prazo un traballo: Se un alumno nunha avaliación non presenta un traballo no prazo establecido, contará como non presentado, se é obrigatorio para aprobar, suspenderá a avaliación. O alumno terá que entregar o traballo, se é requisito obrigatorio, aínda que sexa fora de prazo, e teráselle en conta para a recuperación da avaliación, a entrega do traballo será requisito indispensable para poder recuperala.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación faranse todas no mes de Marzo previo a F.C.T. Recuperando as partes non superadas en cada avaliación, tanto teóricas como prácticas.

Ó alumnado que non supere algunha avaliación total ou parcialmente, daránselle as orientacións e apoios necesarios para intentar superala, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

As actividades de recuperación, reforzo ao longo do curso, levaranse a cabo do seguinte xeito:

Estas actividades poden consistir, segundo a natureza dos conceptos, coñecementos e as capacidades implicadas en: resolución de cuestionarios, análise e solución de problemas e casos, traballos prácticos, informes, realización de estudos e exposicións, etc...

O profesor se é o caso poderá pedirle aos alumnos que traian modelos reais para a realización dos exames prácticos así como o seu material en no final do curso todas os alumnos teñen que ter realizadas de forma correcta os traballos mínimos esixidos en cada avaliación.

A porcentaxe será a mesma que para aprobar na avaliación ordinaria, e estará determinada polo peso dos Ca avaliados , e a nota final será 5. É obrigatorio ter un 5 en cada unha das partes(teórica e práctica) para facer media.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua no módulo(superar o tope de faltas do 10%) terá dereito a unha única proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.

A cualificación obtida na proba final extraordinaria para o alumnado de segundo curso que perdese o dereito a avaliación continua nun determinado módulo, dependendo do momento de realización desta proba, poderá consignarse na sesión de avaliación parcial previa á realización da formación en centros de traballo (FCT) ou na avaliación final de módulos.

A proba consistirá:

Será unha proba teórica(de entre 1 ou 2 sesións de duración) e outra práctica (de 3 sesións de duración).

Contido da probas:

- Selección de todo o material adecuado para o traballo práctico en condicións de seguridade e hixiene adecuadas.

- Realización teórica e práctica de traballos, baseándose nos contidos mínimos esixibles.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Proba teórica..... 30%

Proba práctica..... 70%(poderá ter parte escrita onde explique os procedimentos que vai a realizar, quedando así constancia)

O/a alumno/a deberá traer un/unha ou varias/os modelos ou manequíns para poder realiza-la proba e o material necesario.

Imprescindible acadar un 5 de nota en cada unha das partes, teórica e practica, para facer media e aprobar o módulo.

A proba práctica:

Duración: 3 horas

Contido da proba:

Proba práctica: Consistirá na realización de tres cortes de entre os mínimos exixidos, empregando distintas ferramentas e técnicas.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A presente programación avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro. Dito control realizase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que, entre outros temas, trátase da porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.
- Ademáis, en reunión de departamento, o longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso.
- FICHA MODELO: AUTO-AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PRÁCTICA DOCENTE:

Puntos a valorar / valoración: Si \ No \ En parte

1. A programación deixa claro os obxectivos máis relevantes.
2. A metodoloxía utilizada favorece a participación dos alumnos na clase e é motivadora de futuros aprendizaxes.
3. As actividades plantexadas espertan o interese dos alumnos.
4. Valoran positivamente os alumnos o seu centro educativo.
5. Propoñense actividades que gardan estreita relación coa competencia xeral do ciclo formativo.
6. Aplícanse as medidas de profundización e recuperación previstas na programación.
7. Utilizan os alumnos recursos materiais, bibliográficos, TIC o institucionais para a realización dos traballos o para profundizar nos contidos
8. Depositán os alumnos a súa confianza no centro en aspectos relacionados coa súa inserción laboral (FCT, bolsa de traballo...)
9. Analízanse os resultados da FCT e as indicacións que poidan facer os títolos da empresa e utilízanse para futuras programacións

10. Os resultados obtidos están sendo similares a outros grupos do mesmo nivel e o de cursos anteriores
11. O clima de aula favorece o desenvolvemento normal da clase.
12. Hai canles establecidos para resolver os conflitos cando xurden.
13. Os medios do centro son adecuados para cumprir os obxectivos do noso módulo e están adaptados o tipo de alumnado.
14. Existe coordinación entre o equipo docente do grupo.

Otras Observacións:

Propostas de mellora:

Obxectivo: este documento serve para que reflexionemos sobre aspectos que consideramos destacados, respecto do proceso de ensino-aprendizaxe, a partir dos resultados de aprendizaxe dos alumnos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comenzo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente. Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan. Para iso, realizaranse uns cuestionarios ao alumnado co fin de indagar nos coñecementos que teñen a nivel xeral e observarase na aula e no taller as súas actitudes e aptitudes nas primeiras semanas do curso.

Posteriormente xuntarase o equipo docente para a posta en común das informacións acadadas de cada alumna/o, e facer posible a avaliación inicial.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dada a diversidade de alumnado que accede aos ciclos formativos, traballaremos os contidos segundo as necesidades do momento, do grupo e do alumno/a en particular.

Ó longo do curso presentaranse exercicios e actividades con diferentes grados de dificultade, o cal permite ao profesor/a seleccionar os máis adecuados ó nivel do alumnado e ás súas capacidades. Para seleccionar os máis axeitados, terase en conta a avaliación inicial, o progreso e o grado de consecución dos obxectivos prantexados.

Ó alumnado que non responda ós obxectivos programados, daránselle as orientacións e apoios necesarios, tendo en conta para iso os contidos

mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

As actividades reforzo e aprofundamento ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Os exercicios prácticos e actividades que se propoñen están graduados de menor a maior dificultade, o cal permite ao profesor/a seccionar os máis axeitados ao nivel do alumnado e aos intereses de este.

Por outro lado, a diferenciación de actividades prácticas, pode axudar ao profesor a flexibilizar o traballo na aula segundo a motivación e as necesidades do alumnado.

Sen embargo para proceder a adoptar medidas de reforzo educativo se consideran as seguintes:

-Avaliación previa, pola que se procurará detectar cal é o problema de aprendizaxe concreto que presenta o alumno/a; é dicir, determinar que é o que non consegue realizar dentro do traballo escolar e, en función de iso, determinar o obxectivo a cubrir por él.

Como instrumentos desta avaliación inicial se utilizarán:

- Probas escritas mediante cuestionarios sinxelos,
- Entrevistase, se é necesario, axuda a especialistas.
- Proposta de reforzo, pola que se trata de por os medios para lograr os obxetivos propostos.

. Como tratamento xenérico, se pode indicar que será necesario utilizar unha metodoloxía activa que potencie a participación, preferindo ao alumnado as realidades concretas unidas ao seu entorno, propiciando o traballo en grupo e favorecendo a súa participación nos exercicios previstos.

Ao mesmo tempo, propóñense tres tipos de actividades:

- Unha actividade común para todo o alumnado con fin de asimila-los contidos mínimos.
- Unha máis complexa para o alumnado que acade os obxectivos previstos onde se aprofunde nos coñecementos adquiridos.
- Unha máis sinxela, cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada, para que aquel alumnado que non acadara os mínimos, sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.
- Seguimento máis preto do profesor/a do alumnado con dificultades para acadar os obxectivos.
- No caso de detectar alumnos con necesidades especiais, discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, dificultades de idioma... etc. E sempre co asesoramento do equipo de orientación, o titor, e os profesores implicados adoptarán as medidas recomendadas por dito equipo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Trataremos os seguintes:

1. Educación moral e cívica

Obxectivos

1. Desenvolver criterios de actuación que favorezan a responsabilidade e comportamentos de respecto, honestidade e xustiza no posto de traballo.
2. Identificar e valorar a importancia da responsabilidade, a honestidade e xustiza no centro escolar e no mundo laboral.
3. Concienciarse da importancia tanto da propia liberdade como das obrigas de cara ós demais: clientes, compañeiros, superiores...

Inserción e aplicación

1. Durante os traballos no taller, tanto entre compañeiros como durante a atención ó público.

Enfoque metodolóxico

1. Simular na aula situacións nas que os alumnos teñan que reflexionar, valorar, argumentar e tomar decisións sobre a aplicación dos criterios de actuación que favorezan trocos responsábeis e comportamentos de respecto, honestidade e xustiza no posto de traballo.
2. Resolver dilemas morais que pechen conflitos éticos de solidariedade e xustiza nun contexto laboral, buscado posicionarse a través de criterios de argumentación claros e precisos.
3. Análise das propias pautas de actuación ante situacións de traballo en grupo nas que a colaboración determina o éxito ou o fracaso.
4. Desenvolver exercicios de cooperación nos que sexa necesario un compromiso para levar adiante un proxecto.

Proposta de avaliación

1. Valorar o comportamento do alumno/a na resolución de situacións de aula e no desenvolvemento de exercicios persoais e/ou de grupo.

Educación para a saúde

Obxectivos

1. Coñecer e adoptar modos de vida sans dentro do ámbito laboral, comprendendo e asumindo as consecuencias que se derivan deles.
2. Reflexionar sobre as razóns que conducen a prácticos sociais e medioambientais non saudables dentro do ámbito laboral, e rexeita-las optando por valores que favorecen o benestar.
3. Protocolo Covid .

Inserción e aplicación

1. Na análise dos riscos no ámbito laboral.
2. Na aplicación de medidas de prevención e protección.
3. Na aplicación de medidas sanitarias en caso de accidente.

Enfoque metodolóxico

1. Análise dos posibles riscos que para a saúde ten o traballo, segundo sexan as condicións de aplicación das medidas de seguranza e hixiene.
2. Aplicación de medidas preventivas e de protección durante a execución dos traballos prácticos na aula..

Proposta de avaliación

Obxectivos

1. Coñecer e adoptar modos de vida sans dentro do ámbito laboral, comprendendo e asumindo as consecuencias que se derivan deles.
2. Reflexionar sobre as razóns que conducen a prácticos sociais e medioambientais non saudables dentro do ámbito laboral, e rexeita-las optando por valores que favorecen o benestar.

Inserción e aplicación

1. Na análise dos riscos no ámbito laboral.
2. Na aplicación de medidas de prevención e protección.
3. Na aplicación de medidas sanitarias en caso de accidente.

Enfoque metodolóxico

1. Análise dos posibles riscos que para a saúde ten o traballo, segundo sexan as condicións de aplicación das medidas de seguranza e hixiene.
2. Aplicación de medidas preventivas e de protección durante a execución dos traballos prácticos na aula..

Proposta de avaliación**Enfoque metodolóxico**

1. Resolver situacións que supoñan un conflito ou dilema moral, nas que se teña que reflexionar, aceptar, valorar, argumentar e actuar mantendo unha actitude de respecto e tolerancia ante a diversidade social.

Proposta de avaliación

1. Observar e valorar o comportamento do alumno/a en situacións de aula.

As nosas conductas son a manifestación dos nosos valores, de aí a importancia de comezar desde moi temprana idade a educar en valores. Pero para formar bos profesionais, que saiban convivir, compartir, colaborar con compañeiros, clientes..., é indispensable formar ó mesmo tempo adultos responsables, respetuosos, honestos, humildes, tolerantes, felices..., polo que se incidirá neste tema ó longo do curso

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Participación en concursos relacionados coa profesión:

- Visitas a feiras profesionais, congresos...
- Asistencia a cursos e xornadas de formación realizados por casas comerciais e profesionais do sector.

- Organización e participación en actividades diversas que impliquen a colaboración dos alumnos: desfile de perrucaría e estética, obras de teatro, rodaxes películas, galas profesionais e outros proxectos.
 - Visitas a distintos medios de comunicación.
 - Visitas a balnearios, spas, fábricas de cosméticos, de cabelo...
 - Visitas a congresos nacionais e internacionais.
 - Charlas propostas polo departamento de orientación.
 - Xornadas de portas abertas.
 - Charlas de persoas especializadas.
 - Viaxes de convivencia con outros ciclos formativos.
- Poderase realizar:
- Elaboración de material didáctico en vídeo, fotografías...
 - Seguimento das novas publicacións: vídeos, libros, revistas...
 - Exposición de traballos realizados polos alumnos.

10. Outros apartados

10.1) Adaptación Covid-programación

Medidas Covid-19:

Aínda que xa non é obrigatorio o uso de máscaras no centro educativo ao non estar en situación de alarma, por motivos de seguridade, seguirase empregando o uso xel desinfectante de mans, así como a ventilación das aulas como método de prevención.